

Feira das
Indústrias
Culturais
de Pontevedra

e_scena

BOLETÍN DE INFORMACIÓN DA AGADIC

50

novembro 2010

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.
Edita: Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic)
Contidos: Área de Comunicación
Deseño gráfico: Uqui/Cebra
Fotografías: Arquivo AGADIC
D.L.: C-826-06

A PRODUCCIÓN CULTURAL GALEGA CÍTASE NO CULTURGAL 2010

A AGADIC PATROCINA A TERCEIRA EDICIÓ DO EVENTO, QUE TERÁ LUGAR DO 26 AO 28 DE NOVEMBRO NO PAZO DE CULTURA DE PONTEVEDRA CON 36 HORAS DE PROGRAMACIÓN

A FEIRA INCLÚE PRESENTACIÓNS, FOROS DE DEBATE, ACTUACIÓNS E EXPOSICIÓNS DE PRODUTOS E SERVIZOS CULTURAIS GALEGOS

Se é cultura, está no Culturgal. O lema da terceira edición da Feira das Industrias Culturais fala dunha ambición: xuntar nun só espazo toda a produción cultural galega. Será unha oportunidade para que a sociedade coñeza máis de preto as novas propostas creativas cociñadas en Galicia e para que comprobe que a oferta cultural do país é ampla, diversa e goza de boa saúde. Entidades e empresas do sector exhibirán do 26 ao 28 de novembro no Pazo da Cultura de Pontevedra os seus produtos e servizos, cunha zona de expositores e 36 horas dunha programación que inclúe presentacións, exposicións, *showcases* e obradoiros pensados para públicos de todas as idades e con todo tipo de inquietudes, ademais de foros de debate dirixidos a profesionais.



navega por e_scena pinchando nas frechas, no índice e nos enderezos web

SUMARIO

- [1-8] AGADIC
 - [7] > Centro Coreográfico Galego
 - [8] > Centro Dramático Galego
 - [8] > Escola de Altos Estudos Musicais
- [9] ALERTA!
- [10-11] E_SCENA EN CIFRAS

A PRODUCCIÓN CULTURAL GALEGA CÍTASE NO CULTURGAL 2010

Agadic aposta porque o Culturgal favoreza a proxección exterior do sector e a creación de sinerxías cos axentes culturais de Portugal e Brasil

Elaborouse unha programación que trata de chegar a todo tipo de públicos, con propostas específicas tamén para público infantil e familiar

.....
vén da páx. anterior

A nova edición do Culturgal está organizada por primeira vez polas máis importantes asociacións da industria cultural galega, agrupadas na Asociación Culturgal. Esta entidade creouse en xullo deste ano co obxectivo de garantir a continuidade da Feira e asentar unhas liñas de traballo sólidas. O Concello de Pontevedra é a institución anfitroia e a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), o principal patrocinador deste evento estratéxico. Conta, ademais, co importante apoio do programa europeo CREATIVA, levado a cabo de forma conxunta pola Agadic e a Dirección Regional de Cultura do Norte do Ministerio de Cultura portugués, financiado cos fondos FEDER da UE e pertencente ao Programa Europeo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP). Co apoio deste programa, Agadic aposta porque o Culturgal favoreza a proxección exterior

do sector e a creación de sinerxías cos axentes culturais de Portugal e Brasil. Para iso, CREATIVA achegará ao Culturgal 2010 varios foros de debate dirixidos a profesionais, unha exposición sobre a evolución da gravación sonora en Galicia e numerosas actuacións con propostas das dúas beiras do Miño.

Culturgal 2010 será un lugar de encontro entre profesionais e un espazo para a presentación, promoción e venda ao público de produtos e servizos. Empresas e axentes relacionados cos gremios do libro, a creación audiovisual, as artes escénicas, a música, internet e as novas tecnoloxías contarán con *stands* de exposición e venda, que se poderán visitar de 11 da mañá a 9 da noite.

Casa con patio, garaxe e faiado

O evento está concibido como a casa da cultura galega, unha casa na que todas as persoas se poidan sentir cómodas. Para iso, elaborouse unha programación que trata de chegar a todo tipo de públicos, con propostas específicas tamén para público infantil e familiar, combinando espazos para o descubrimento, o diálogo, a reflexión e o goce das diferentes propostas. Medio cento de empresas culturais galegas presentaron máis de 90 actividades para integrar esta programación.

Esta casa da cultura galega contará entre os seus espazos cun patio, o lugar no que encontrarse coas máis diversas propostas musicais en forma de concertos, *showcases*, lanzamentos de discos, presentación de novos grupos e de festivais. Para fedellar coas novas tecnoloxías hai que baixar ao garaxe

do Culturgal, un recuncho para obra-
doiros e presentacións que achegarán
ao público as novidades galegas en
videoxogos, ferramentas web e apli-
cacións informáticas. Abrindo outra
porta éntrase no salón, un espazo con-
fortable no que se realizarán presen-
tacións editoriais e doutros ámbitos.
Será tamén un lugar para recuperar o
modelo das conversas informais entre
intelectuais e artistas e ofrecerlle ao
público a posibilidade de vivirlas en
directo. Tres xornalistas serán os en-
cargados de conducir as conversas con
escritores, actores, músicos e outros
creadores, nas que unha butaca e unha
mesa serán decorado suficiente para
que agromen reflexións interesantes.

O último espazo é o faiado, o lugar
onde acontecen cousas que na casa
non se acaban de entender. Unha pro-
gramación fresca que se sitúa nos lími-
tes da industria, explorando discursos

culturais alternativos en eidos como
o audiovisual, a música, a edición e a
cultura de base.

Un dos momentos centrais da progra-
mación é a celebración na noite do
sábado 27 dun concerto especial,
con propostas musicais de Galicia e
Portugal. A programación inclúe tamén
visitas guiadas para estudantes de
educación primaria, de secundaria
e da Universidade, que ademais de
visitar o espazo de *stands* gozarán de
espectáculos especificamente deseña-
dos para eles.

CREATIVA no Culturgal

Culturgal 2010 integrará dentro da súa
programación varias actividades do
programa CREATIVA. A exposición *So-
porte Sonoro* amosará por vez primeira
a evolución da gravación sonora no
país ao longo do século pasado até a



26*28 DE NOVEMBRO 2010

PAZO DE CONGRESOS
E EXPOSICIONS DE PONTEVEDRA



Representantes das principais
asociacións profesionais e organismos
que promoven Culturgal

A PRODUCCIÓN CULTURAL GALEGA CÍTASE NO CULTURGAL 2010

.....
vén da páx. anterior

chegada do cd. A mostra céntrase na evolución dos aparatos reprodutores e dos soportes utilizados, poñéndoa en relación co propio desenvolvemento da industria musical galega e cos intérpretes que se apoiaron nas posibilidades destes avances tecnolóxicos como vehículos de promoción.

Ao longo das mañás do venres 26 e do sábado 27, profesionais dos distintos sectores e disciplinas da cultura en Galicia, Portugal e Brasil participarán en foros de exposición e debate sobre o presente e o futuro da industria. O venres desenvolveranse os foros do audiovisual e do libro. O do audiovisual inclúe tres mesas redondas que abordan o futuro e os retos do sector en Galicia, o financiamento da produción audiovisual e experiencias de talento no sector. O do libro tomará o exemplo da Biblioteca de Medellín, en Colombia, como punto de partida para reflexionar sobre a intervención cultural dos poderes públicos. Finalmente, un foro transversal abordará

a creación de oficinas de intercambio artístico entre Brasil e Galicia como oportunidade para a exportación e o intercambio cultural, con presenza de representantes institucionais do Estado de Minas Gerais. O sábado celebraranse o foro do sector das artes escénicas e o foro da música. O das artes escénicas reflexionará sobre a mercadotecnia e a distribución interior, exterior e en novos mercados, as axudas á produción e distribución e o marco legal das artes escénicas. O foro do sector da música abordará nunha mesa redonda como afrontan as empresas musicais do país a época de crise. Pechará as xornadas profesionais un novo foro transversal, neste caso ao redor das feiras profesionais multidisciplinares, analizando modelos de éxito internacional para trazar o camiño que o Culturgal percorrerá nos vindeiros anos.

+info en www.culturgal.com

FORMACIÓN

STEVEN GREENMAN, KEPA JUNKERA E ANTONIO PLACER IMPARTIRÁN EN SAN SIMÓN AS NOVAS 'MASTER CLASS' DE MÚSICA TRADICIONAL DA AGADIC

A Agadic organiza un novo ciclo de tres clases maxistras de música tradicional, que serán impartidas polos mestres Steven Greenman, Kepa Junkera e Antonio Placer en distintas datas de novembro e decembro, e que desta volta desenvolveranse nun novo emprazamento: a illa de San Simón (Pontevedra). Nesta terceira edición desta iniciativa pedagóxica, abordaranse contidos como a interpretación de violín klezmer e corda, acordeón e trikitixa; e as relacións entre creación vocal e improvisación.

A primeira *master class* desenvolverase durante os días 18, 19 e 20 de novembro e correrá a cargo de Steven Greenman. Nela, os participantes aprenderán temas tradicionais do leste europeo, música folk instrumental xudea, coñecida como música klezmer, impartida por un mestre de renome internacional. Unha das sesións estará dedicada a ensinar a ornamentación klezmer específica para violinistas e violistas. A *master class* culminará nun concerto dos participantes co material aprendido.

As outras dúas *master class* desenvolverase nos mesmos días:



Kepa Junkera



Steven Greenman

16, 17 e 18 de decembro, nos que o coñecido acordeonista Kepa Junkera abordará, a modo de obradoiro, a técnica e a maneira de tocar instrumentos tradicionais vascos (o pandeiro, a trikitixa, a txalaparta de madeira, a txalaparta de pedra, etc). Tratarase sobre a orixe e a evolución no tempo de cada instrumento e os seus diferentes tipos, tamaños e materiais, as variedades que perviven ou existiron no País Vasco, así como o uso que se lles foi dando ao longo do tempo.

Na outra das citas, que leva por título *Creación vocal e improvi-*

sación, Antonio Placer, cantor, compositor e poeta galego afincado en Grenoble (Francia), propondrá enfocar a creación musical a través do traballo de improvisación, usando a voz e as percusións corporais cos tempos de composición. Levantase a cabo exercicios de tonicidade, respiración, relaxación, xogos vocais musicais, xogos de ritmos e percusións corporais. O resultado será a unión da voz ao corpo, ás súas capacidades de expresión, intención e emoción.

Cada *master class* ofrece un total de 12 horas lectivas para un máximo de 15 alumnos. Estes



Antonio Placer

serán seleccionados en función dos seus méritos e deberán achegar os seus propios instrumentos como requisito de participación. O prezo da matrícula é de 50 euros. Os interesados, que poden ser músicos xa profesionais ou estudantes de escolas de música e conservatorios, teñen a posibilidade de realizar a inscrición *on-line* na páxina web www.masterclassdemusica-tradicional.info.

+ info en www.masterclassdemusica-tradicional.info



Kiko Klaus
LILIANE PELEGRINI

A MÚSICA GALEGA ESTREITA LAZOS COMERCIAIS CON BRASIL A TRAVÉS DE CULTURAL E DA FMB DE BELO HORIZONTE

A Feira das Industrias Culturais (Cultural) en Pontevedra e a Feira Música Brasil (FMB) en Belo Horizonte serán os escenarios nos que se materializará a colaboración institucional e o intercambio comercial que, no ámbito da música, promoven conxuntamente a Agadic (Axencia Galega das Industrias Culturais) e a Secretaría de Estado de Cultura de Minas Gerais, cuarto estado en extensión de Brasil cunha poboación de máis de 21 millóns de habitantes.

En primeiro lugar, o sector musical galego terá a oportunidade de intensificar os seus contactos con Brasil, así como de abrir novas vías de negocio con este país durante a celebración do Cultural, do 26 ao 28 de novembro no Pazo de Exposicións e Congresos de Pontevedra. Ata aquí desprazarase unha delegación brasileira integrada por representantes da devandita secretaria estatal, da Fundação Nacional

de Artes do Ministerio da Cultura e do Fórum da Música de Minas Gerais, que participarán nunha xornada de traballo con membros da industria galega e entrarán en contacto directo coa actualidade musical de Galicia a través da carteleira artística de Cultural.

Acompañaranos nesta viaxe dous artistas brasileiros, Érika Machado e Kiko Klaus, que actuarán xunto aos seus respectivos grupos como parte do programa oficial da feira. Ambos cantautores exemplifican os novos rumbos emprendidos pola samba, en contacto co rock, o pop ou a electrónica, entre outros estilos.

Distribución en Europa

Co mesmo obxectivo de consolidar a relación con Brasil como socio estratéxico, unha delegación comercial galega acudirá á feira profesional que se desenvolverá do 8 ao 12 de decembro en Belo Horizonte, capital de Minas Gerais. Esta será a terceira edición da Feira Música Brasil que, promovida polo seu Ministerio da Cultura, na edición de 2009 congregou un total de 320 empresas brasileiras e internacionais arredor dos *stands*, mesas de debate, encontros de negocios e outras actividades comerciais. Ademais, máis de 400.000 persoas asistiron aos concertos protagonizados polos artistas brasileiros que configuraron o cartel seleccionado pola organización.

A prioridade desta primeira incursión conxunta da industria musical de Galicia na FMB é promover o traballo das distribuidoras galegas como ponte para os artistas e grupos brasileiros cara á súa introdución no mercado europeo, así como impulsar a proxección da música galega en Brasil e, por extensión, no resto de Sudamérica.

ÉXITO DA DELEGACIÓN EMPRESARIAL E ARTÍSTICA GALEGA EN WOMEX 2010

O Womex (World Music Expo) pechou o pasado 30 de novembro en Copenhague a dúo edición de 2010 cun balance moi positivo para a delegación empresarial e artística desprazada desde Galicia xunto á Agadic da Consellería de Cultura e Turismo. Mercedes Peón e Cristina Pato, as dúas artistas que levaron en vivo a música galega á capital dinamarquesa, actuaron con gran éxito diante duns 800 axentes e distribuidores musicais especializados que seguiron con gran entusiasmo os moi diferentes *shows* das dúas intérpretes.

A delegación galega, encabezada polo director da Agadic, Juan Carlos Fernández Fasero, e integrada por representantes dun total de sete empresas do sector (Articket, Berrogüetto Produccións, Fol Music, Lóspregos, Mare, Nordésia e Zouma), utilizou esta edición de Womex para intensificar contactos

con compañías e entidades homólogas de Estados Unidos e Latinoamérica, fundamentalmente.

Mirando a América

O obxectivo destas relacións comerciais insírese na liña estratéxica común de facer de Galicia a plataforma de distribución para Europa de artistas e grupos musicais procedentes de Brasil e Cuba, entre outros países. No caso concreto de Estados Unidos, iniciáronse conversas cos delegados da APAP (Association of Performing Arts Presenters) de Nova York para a posible materialización de proxectos cara á proxección da música galega en Norteamérica.

O *stand* de Sounds from Spain, un dos máis amplos e concorridos do recinto de exposición, contou cun espazo reservado á difusión da marca GalicianTunes, dende o que se distribuíu, cunha excelente acollida, un cd dobre cunha selección da produción musical galega máis recente dividida por xéneros en

pop-rock e jazz (cd1) e roots (cd2), ofrecendo neste último caso temas de Mercedes Peón, Cristina Pato, Berrogüetto, Uxía, Guadi Galego, Fuxan Os Ventos, Xosé Manuel Budiño, Anxo Lorenzo, Sondeseu, Bellón Maceiras Quinteto, A Banda das Crechas, bOnOvO, Narf e Manecas Costa, Batuko Tabanka, Narf, Trasmundi e Renato Spencer. Asemade, os empresarios galegos utilizaron este espazo común para levar a cabo as súas operacións nunha incesante actividade durante os catro días de feira.

Concertos

Mercedes Peón actuou no escenario instalado no propio recinto feiral do Forum Copenhagen, converténdose na primeira artista galega en amosar a súa música dentro da sección oficial do Womex, para a que foi seleccionada entre máis de 800 propostas de todo o mundo. A compositora e instrumentista coruñesa sorprendeu os congregados coa forza da súa persoal *performance*, un espectáculo interdisciplinar que levou a cabo en solitario axudada por un *sampler*, ademais de cantar e tocar en directo a gaita, o sacho, o clarinete e a percusión.

Pola súa banda, Cristina Pato abriu a denominada "Noite española" organizada pola plataforma Sounds from Spain dentro do programa offWomex no emblemático edificio do DR Koncertthuset. A gaiteira ourensá, acompañada de cinco músicos e da vocalista Laura Amado, interpretou durante 50 minutos varios temas do seu último traballo discográfico, *The Galician Connection*.

+info en www.womex.com



Vista xeral da zona de expositores do WOMEX

RAÚL DANS, XAVIER LAMA, XOSÉ A. NEIRA CRUZ E INACIO VILARIÑO RECIBIRON OS PREMIOS NO EIDO DRAMÁTICO DA AGADIC

O palmarés de galardoados este ano cos premios literarios no eido dramático da Agadic quedou integrado polos autores Raúl Dans, gañador do Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais coa obra *Chegamos despois a unha terra gris*; Xavier Lama, quen obtivo o Manuel María de Literatura Dramática Infantil polo texto *Os reloxos preguiceiros de Néboa*; Xosé A. Neira Cruz, que recibiu o Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques, na modalidade para adultos, por *Pedra sobre pedra*; e Inacio Vilariño, quen con *Fábula galénica*, mereceu o Barriga Verde na categoría de teatro para rapaces.

O conselleiro de Cultura e Turismo, Roberto Varela, presidiu o pasado 18 de outubro, na Feira Galega das Artes Escénicas, o acto de comunicación e entrega dos premios aos galardoados, que percibirán da Agadic unha dotación económica individual de 6.000 euros, así como a inminente publicación das súas obras.

Diversidade de argumentos

Raúl Dans alzouse co Álvaro Cunqueiro por un texto sobre un núcleo familiar en descomposición, no que as personaxes femininas son as protagonistas absolutas. Neste sentido, o ditame do xurado subliñou da obra a súa “singular xenealoxía de mulleres de todas as idades”, así como o tratamento non oportunista dun tema actual, contextualizado no conflito da identidade. A acta tamén fixo referencia á sobriedade “moi eficaz” e aos diálogos plenamente

convincentes da peza gañadora, ademais de á importancia que concede á memoria como “eixe de identidade dos individuos”.

En *Os reloxos preguiceiros de Néboa*, de Xavier Lama, destacou a orixinalidade do tema, a fantasía na concepción dos personaxes, o alto grao de elaboración literaria e a singularidade do mundo creado, entre outros aspectos. O humor envolve os diálogos e a acción, situada na cidade de Néboa durante unha “aparente rebelión” de todos os reloxos, que deixan de contar o tempo cos conseguintes trastornos para os seus cidadáns. Don Cuco Campá, o Superreloxeiro Experto no Cómputo do Tempo Todo, buscará a solución a este misterio descubriendo todo un mundo de segredos ao seu redor.

Tamén segundo o xurado, en *Pedra sobre pedra*, Neira Cruz demostra como un motivo artístico tradicional –neste caso, o Pórtico da Gloria– “pode ser susceptible de tratamentos novidosos”. No ditame destácase igualmente o suxerente que resulta o texto “non só no nivel literario senón tamén no escenográfico ou mesmo no técnico”,

ademais da súa versatilidade estrutural, de xeito que pode resultar acaído tanto para montaxes de pequeno como de gran formato.

En canto a *Fábula galénica*, o tribunal salientou a “sinxeleza dunha historia que, porén, mobiliza unha ampla variedade de personaxes que, malia estaren maiormente inspirados no mundo das fábulas tradicionais, resultan ben actuais”. A frescura e axilidade dos diálogos, así como as múltiples posibilidades escénicas que ofrece a estrutura da obra, son outros dos aspectos tidos en conta á hora de outorgarlle este premio a Inacio Vilariño.



Distintas instantáneas da xornada inaugural da Feira Galega das Artes Escénicas (FOTOGRAFÍAS © TONO ARIAS, EXCEPTO AS DÚAS DA PARTE SUPERIOR)



Elefante Elegante



Teatro do Morcego



Lusco e Fusco

TEATROS E CIRCUÍTOS DE CASTELA-A MANCHA, CASTELA E LEÓN, PAÍS VASCO E PORTUGAL EXHIBIRÁN ESPECTÁCULOS GALEGOS A PRÓXIMA TEMPORADA

Teatros e circuitos escénicos de Castela-A Mancha, Castela e León, País Vasco e Portugal programarán espectáculos galegos durante o próximo ano 2011 no marco do programa de bonificacións á distribución exterior da XVIII Feira Galega das Artes Escénicas. De acordo con esta liña de apoio á contratación, os axentes culturais chegados dende fóra de Galicia para participar neste encontro profesional, que tivo lugar en Santiago do 18 ao 21 de outubro, puideron beneficiarse dun desconto do 40 por cento sobre

o caché das producións galegas contratadas.

A Agadic asume estas bonificacións co obxectivo de favorecer unha maior proxección do teatro, a danza e a maxia producidos en Galicia. Neste sentido, as bonificacións aplicáronse tanto aos espectáculos galegos exhibidos na Feira como aos que configuran a actual programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

Abada Teatro-Carlos Blanco, Elefante Elegante, Eme2, Lusco e Fusco, Os Monicreques de Kukas, Panamesiana Teatro, Producións Teatrais Excéntricas, Tanxarina Títeres e Teatro do Morcego son as compañías que terán presenza en escenarios, festivais e redes escénicas de fóra de Galicia a través dos contactos establecidos durante a celebración da Feira Galega das

Artes Escénicas. Os seus destinos serán o circuito da Diputación de Valladolid, Red de Teatros de Castilla-La Mancha, Sarea-Red Vasca de Teatros, Uni Kultur Elkasrtea (Biscaia), d'Orfeu Associação Cultural (Águeda), Teatro Circo (Braga), Teatro Art'Imagem (Porto) e Teatro Ribeiro Conceição (Lamego).

Público profesional e xeral

Organizada pola Consellería de Cultura e Turismo, a través da Agadic, a décimo oitava edición da Feira desenvolveu unha carteleira de 20 espectáculos de teatro, danza e novo circo e tres *showcases* de danza, que foron seguidos por preto de 3.500 espectadores en seis escenarios da cidade: ARTeria Noroeste-SGAE, Aula de Cultura de Caixa Galicia, Sala Capitol, Sala

Mozart do Auditorio de Galicia, Salón Teatro e Teatro Principal. Así mesmo, un milleiro de persoas visitaron eses días a sede feiral no Auditorio de Galicia, onde estiveron instalados un total de 16 expositores de asociacións e empresas galegas do sector.

Ademais, a última cita deste encontro profesional –o espectáculo *Circo á feira, racións de novo circo galego*– presentou por vez primeira na Feira un formato especial que achegou aos programadores asistentes fragmentos das últimas propostas de cinco compañías galegas: Duelirium con *Aviadoras*, Almacabra Teatro-Circo con *Nas nubes*, Lusco e Fusco con *Encontros*, Arrepenimentos de Padrón con *ADN* e Rocés e Goces co seu espectáculo homónimo.

+ info en www.agadic.info/feira

CREATIVA ORGANIZA EN VIGO A XORNADA "CO-CREATION" PARA O ENCONTRO ENTRE INDUSTRIAS CULTURAIS

A Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) e a Agência para o Desenvolvimento das Indústrias Criativas de Portugal (Addict) organizan o 16 de novembro en Vigo un encontro multisectorial entre as empresas de ambos lados da fronteira dedicadas á produción gráfica, audiovisual, musical e de artes escénicas. A xornada, que se desenvolverá baixo o título *Co-Creation: participación colaborativa e intercambio de experiencias nas industrias culturais*, forma parte do programa europeo CREATIVA e está deseñada para favorecer o coñecemento do sector e do tecido empresarial das industrias culturais na eurorrexión, mediante o intercambio de contactos entre empresas do sur de Galicia e do norte de Portugal.

A xornada é gratuítas para os interesados, previa inscrición. A medida que se vaian recibindo as solicitudes, elaborárase un catálogo en liña de empresas e profesionais participantes para facilitar e fomentar os encontros bilaterais.

Co-Creation está dividida en dúas partes: unha de mañá –na que participará o director da Agadic, Juan Carlos F. Fasero–, centrada no coñecemento do sector cultural de Galicia e do Norte de Portugal; e outra de

tarde, orientada ao intercambio de contactos e experiencias entre empresas das distintas actividades do sector dos dous lados da fronteira.

Eixo temático

Como eixo temático da xornada está a premisa de que, nun mundo en continua transformación, as industrias creativas en xeral, e as culturais en particular, son unha vía para acadar un novo modelo de desenvolvemento económico sostible, baseado na creatividade, na innovación e no coñecemento. Ao tempo, o propio sector das industrias culturais está mudando a pasos de xigante. A dixitalización, os avances tecnolóxicos e a globalización da cultura son os tres retos aos que se ten que enfrontar, e precisa superalos exitosamente para garantir tanto a súa pervivencia como a da cultura local. Necesítanse novos modelos de negocio, novas ideas creativas e interiorizar a innovación como un valor fundamental da industria cultural.

Neste novo escenario, a cooperación transfronteiriza revélase como unha vía eficaz de mellora da competitividade empresarial e do desenvolvemento de novos produtos e servizos. Pero para que esta cooperación eurorrexional se produza, requírese dun factor previo: o coñecemento da realidade empresarial e sectorial das industrias culturais do outro lado da fronteira. +info en www.creativacultural/co-creation

O CCG APOIA A NOVA CREACIÓN NO ÁMBITO DA DANZA A TRAVÉS DE OITO PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

O Centro Coreográfico Galego resolveu a convocatoria do seu novo programa Proxectos de Investigación Coreográfica, a través do que destina un total de 29.000 euros ao desenvolvemento de oito iniciativas presentadas por outras tantas coreógrafas galegas. Ángela Blanco, Mónica García, Raquel González, M^a Dolores Fojón, Amparo Novas, Branca Novoneyra, Carlota Pérez e Lucía Piquero recibirán entre 2.000 e 5.800 euros para levar a cabo as súas propostas, entre as que a función social da danza e o traballo interdisciplinar como punto de partida da creación coreográfica destacan como principais pautas de traballo.

A unidade de danza da Agadic proporcionaralles, asemade, acompañamento artístico e técnico especializado durante todo o proceso, cunha duración media de dous a tres meses, tralo que as artistas entregarán un informe explicativo e gráfico do seu traballo, ademais de amosar os resultados nunha exhibición aberta ao público que terá lugar no Salón Teatro de Santiago de Compostela na primavera de 2011.

Función social

A danza como instrumento para a integración e a concienciación social é o común denominador das propostas presentadas por Carlota Pérez e Lucía



Piquero. Así, baixo o título *5 S Proxecto de integración*, Carlota Pérez afondará na conexión entre danza, música e terapia nun traballo dirixido a persoas con minusvalía, na procura dunha linguaxe común que non dependa das capacidades físicas. En *Triloxía da violencia*, Lucía Piquero investigará sobre o problema da violencia de raíz social –contra o individuo, doméstica e de grupo– cara á utilización da danza como motor de cambio e concienciación colectiva.

A creación coreográfica a partir da interacción con diferentes disciplinas artísticas é outra das áreas de investigación destacadas. Así, a curtametraxe *Y las chimeneas decidieron escapar*, do realizador galego Oliver Laxe, sirve de inspiración para o proxecto *Fume*, de Ángela Blanco, un traballo multidisciplinar que busca atopar un código accesible para todos os espectadores conxugando os xogos de sombras co celuloide en branco e negro.

O aire das acacias, de Branca Novoneyra, parte do poema homónimo incluído no seu libro *Dentro do labirinto* (Espiral Maior, 2009), que a creadora transformará nunha partitura de movementos, accións e textos recitados, apoiándose así mesmo nunha compo-

sición musical creada especificamente por Isaac Garabatos e Jesús Andrés Tejada.

Pola súa banda, Raquel González servirase dun trío de percusión e de diferentes técnicas de improvisación para investigar sobre a linguaxe xestual que evocan os distintos universos musicais en *A terra sen mal danza*, mentres que en *Branco*, de Amparo Novas, dúas bailarinas e un músico unirán as súas artes en escena para experimentar coa relación entre as emocións e as cores.

Percorrido histórico

Os dous proxectos restantes ofrecen unha nova ollada cara á historia –recente e antiga– da danza: Mónica García presenta *Velocidade das cousas*, que se basea nas formulacións de Merce Cunningham para investigar sobre a produción coreográfica a partir dun patrón de instantáneas, mentres que o *Proxecto para a reposición da danza antiga* de M^a Dolores Fojón afonda no estudo da danza renacentista a partir de tratados da época como o *Orchesographie* (1596), de Thoinot Arbeau, e coa colaboración dun grupo musical especializado na música do Renacemento.

Estas oito propostas foron seleccionadas entre un total de 15 proxectos presentados a esta nova convocatoria, a través da que o Centro Coreográfico Galego abre unha vía adicional de asesoramento e apoio económico para os creadores que desenvolven o seu traballo no ámbito da danza en Galicia.


CALIXTO ALBÁN IMPARTE UN TALLER DE DANZA TRADICIONAL NO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

Un total de 11 alumnos asisten dende o 8 de novembro ao obradoiro de danza tradicional galega que o mestre Calixto Albán Laxe, autor de *O saber do pobo. Enciclopedia do traxe, danza e música tradicionais*, imparte na sede do Centro Coreográfico Galego na Coruña. A través deste taller, que se desenvolve en cinco sesións matinais, os asistentes terán a oportunidade de afondar no coñecemento do baile tradicional na súa condición de expresión cultural galega, así como noutros aspectos esenciais para a súa execución como son os traxes e as súas partes ou os diferentes tipos de música popular.

Nado en Fornelos de Montes, Calixto Albán iniciouse na danza tradicional como integrante do Grupo de Coros e Danzas do Ministerio de Cultura, no que ingresou con sete anos. En 1985 creou o Grupo de Danza Corisco (Vigo) e un ano despois, o Grupo de Baile e Música Ceifa (Vigo), así como a Escola Municipal de Danza do Concello de Fornelos de Montes, alternando deste xeito a experiencia como bailarín coa de profesor e coreógrafo.

Ademais, en Brasil foi creador e mestre durante tres anos do Grupo de Danzas da Sociedade Caballeros de Santiago en Salvador de Bahía e do Grupo de Danza Arraial da Casa de España de Río de Janeiro, do cal foi profesor de danza dous anos e medio.

Albán ten participado en numerosos festivais de renome como o de Lorient (Francia), Festival Folclórico da cidade de Porto (Portugal), Festival Internacional de Folclore de Churriana (Málaga) ou Festa da Historia da cidade de Prato (Italia), entre outros. Ten colaborado, así mesmo, coa Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas no Exterior como profesor de baile en diferentes países de Europa, América e Oceanía.



O CDG ESTREA “SALOMÉ” DE OSCAR WILDE BAIXO A DIRECCIÓN DE CARLOS SANTIAGO

O Centro Dramático Galego (CDG) estrea *Salomé* o venres 26 no Salón Teatro de Santiago. A que será a primeira produción da compañía pública baixo a xestión de Blanca Cendán amosarase ao público con Carlos Santiago como director e cun elenco de 6 actrices e actores escollidos mediante *casting*. O espectáculo estará en Santiago ata o 19 de decembro para iniciar despois unha xira de tres meses de duración por escenarios galegos e de fóra de Galicia.

María Mera (no papel de *Salomé*), Pepe Penabade (*Herodes*), María Salgueiro (*Herodías*), Hugo Torres (*Iokanaan*), Marcos

Correa (*mozo sirio*) e Alberte Cabarcos (*paxe de Herodías*) compoñen o elenco interpretativo da nova produción do CDG, seleccionado íntegramente por primeira vez mediante audiencias a 64 actores e actrices de entre as 215 solicitudes presentadas.

Para a materialización da montaxe, o director compostelán conta ademais coa colaboración de creadores e profesionais de recoñecido prestixio como Pepe Sendón na adaptación e a tradución, Víctor Mosqueira na codirección, Fran Pérez (Narf) na banda sonora, Pancho Lapeña na escenografía, Baltasar Patiño no deseño de iluminación, Clotí Vaello no deseño de vestuario, Fausto Isorna no deseño gráfico, Uxía Vaello na coreografía e Fanny Bel no deseño de maquillaxe.

Dentro da obra dramática de Oscar Wilde, *Salomé* ocupa un lugar singular. Fronte ás comedias de ton irónico e sutil que lle deron éxito e fama na época, o dramaturgo irlandés escolleu nesta peza un episodio evangélico para crear unha traxedia de fondo escabroso arredor do conflito mítico entre Eros e Tánatos, que agocha tamén unha crítica extrema do poder e do puritanismo moral nun retrato descarnado das paixóns humanas. Na montaxe de Carlos Santiago apóstase por unha lectura satírica da traxedia e unha posta en escena actualizada, onde o risco e unha visión nada compracente da realidade levan o temón.

Sanguenta traxedia

A acción transcorre no país mítico de Galilea, onde o tetrarca Herodes Antipas celebra o seu aniversario nos xardíns do pazo presidencial cun banquete organizado na súa honra pola alta sociedade xudía cun acto político que acapara a atención dos medios de comunicación pola inminencia dunha nova cita electoral.

Porén, nas traseiras do pazo, o equipo de produción traballa baixo o luar incomodado pola voz iracunda de Iokanaan, profeta popular e mesiánico sometido por Herodes a dura prisión no cortello dos porcos, onde o tetrarca adoita facer desaparecer os seus peores inimigos. Mesmo así, Iokanaan non se farta de denunciar a corrupción

e inmoralidade que envolve a gobernanza de Herodes desde a súa angosta prisión.

Mais o verbo terrible do profeta chama a atención de Salomé, fillastra de Herodes, moza de virxinal beleza por quen suspira toda a corte, incluído o seu padrasto, que sente por ela unha paixón inconfesable e politicamente comprometida. Salomé, celosa da súa virxindade como a deusa Selene, mais fatalmente posuída por escuras paixóns, encapríchase de Iokanaan e desencadea unha sanguenta traxedia que encherá o banquete presidencial de morte e depravación.

Preto de 40 funcións

Despois da fin de semana de estrea (venres 26 ás 21:00 h, sábado 27 ás 20:30 h e domingo 28 ás 18:00 h), *Salomé* permanecerá no Salón Teatro ata o domingo 19 de decembro con cinco funcións semanais; os mércores e os xoves ás 11.00 h desenvolveranse as funcións dirixidas a escolares e as representacións para público xeral terán lugar os venres e sábados ás 20.30 h e os domingos, día do espectador, ás 18.00 h.

Trala súa estadia en Compostela, a obra iniciará unha xira polos concellos galegos de Vigo, O Barco, Vilagarcía, Lugo, Tui, Pontevedra, Narón, A Coruña, Ourense, Ferrol... ata completar un total de 33 funcións. Ademais, a obra viaxará a Portugal, en concreto a Guimarães, Tondela e Braga.

ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS [EAEM]

JORDI MORA DIRIXE A ORQUESTRA DA EAEM NOS SEUS CONCERTOS DE SANTIAGO E VIGO

O mestre catalán Jordi Mora dirixirá os vindeiros días 1 e 2 de decembro os concertos que a Orquestra da Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM) ofrecerá en Santiago e en Vigo e nos que os alumnos do centro acometerán un programa integrado por obras de Mendelssohn, Mozart e Haydn. Os recitais terán lugar ás 20.30 horas no auditorio da EAEM e no Centro Cultural Caixanova de Vigo, neste último caso a beneficio da asociación humanitaria de axuda ao necesitado “Vida Digna”.

En ambos concertos actuarán como solistas Verónica Cruz (óboe), Emilio Espasadín (clarinete), Patricia Pazos (fagot) e Alma Sarasola (trompa). A *Obertura da bela Melusine* de F. Mendelssohn e a *Sinfonía concertante para instrumentos de vento en Mi b M. KV 297 b* de W. A. Mozart soarán na primeira parte do programa, que se pechará coa interpretación da *Sinfonía nº 100 “Militar”* de J. Haydn.

Os alumnos comezarán a traballar nestas presentacións públicas a partir do 12 de novembro, como parte do plan do Encontro de Práctica Orquestral, que o mestre Mora imparte por quinto ano consecutivo na Escola de Altos Estudos Musicais.

Traxectoria internacional

Nado en Barcelona, Mora ten dirixido importantes orquestras de Alemaña, España, Francia, Italia, Romanía, Grecia, Rusia, EE.UU. e Arxentina, ademais de ser director titular da Münchner Camerata, da Orquestra Sinfónica de Grecia e da Orquestra Sinfónica do Vales. Foi así mesmo membro do xurado de diversos concursos internacionais (Mitropoulos, Tarrega).

A súa intensa actividade pedagóxica desenvolveuse especialmente en España, Suíza, Alemaña, Noruega e Arxentina, e dende 2003 é profesor de dirección orquestral da Escola Superior de Música de Catalunya. Actualmente é director da Orquestra Sinfónica Segle XXI e da Bruckner Akademie Orchester de Múnic, con quen está a realizar a obra sinfónica completa deste compositor.

CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

Convocatorias	Contido	Dirixido a	Data límite
Inscrición na Rede Galega de Salas	A inscrición de espectáculos para o 1º semestre de 2011 do circuïto promovido pola Agadic para a distribución de espectáculos escénicos e musicais realízase a través da web www.galescena.info .	Formacións escénicas, intérpretes e grupos musicais de carácter profesional	19 novembro
Preprogramación na Rede Galega de Teatros e Auditorios	Ábrese o prazo de preprogramación para o primeiro semestre de actividade da Rede Galega de Teatros e Auditorios.	Espazos adscritos á RGTA. O trámite realízase a través da intranet de www.galescena.info	19 novembro
‘Master class’ de música tradicional con Steven Greenman, Kepa Junkera e Antonio Placer	A Agadic organiza tres <i>master class</i> de música tradicional impartidas por Steven Greenman (violín klezmer e corda, do 18 ao 20 de novembro), Kepa Junkera (trikitixa e outros instrumentos tradicionais vascos, do 16 ao 18 de decembro) e Antonio Placer (creación vocal e improvisación, do 16 ao 18 de decembro). As sesións celebraranse na Fundación Illa de San Simón (ensenada de San Simón, ría de Vigo).	Cada un dos cursos prácticos oferta 15 prazas. Matrícula: 50 €. Información e inscricións: http://www.masterclassdemusicatradicional.info	Ata completar as prazas dispoñibles
Centro Coreográfico Galego. Taller de acompañamento musical	A cargo de Roberto Beceiro Vilar, as clases desenvolveranse do 13 ao 17 de decembro na sede do CCG. Nelas ofrecerase un achegamento teórico e práctico ao repertorio para clases de danza clásica, abordando os diferentes estilos de música posibles.	20 prazas para profesores/as de danza e pianistas acompañantes. Máis información sobre a inscrición e matrícula: www.centrocoreografico.org	Do 15 de novembro ao 10 de decembro
Centro Coreográfico Galego. Clases abertas de danza clásica xunto a “Etheria”	As profesoras do CCG Beatriz Ponlla e Belén Vázquez imparten estas clases abertas de luns a venres de 9.30 a 11.00 horas, incluídas aquelas xornadas nas que a compañía de “Etheria. A viaxe soñada” está de xira. Porén, non haberá clases durante a celebración dos talleres formativos impartidos polo Centro Coreográfico entre setembro e decembro.	Alumnos de nivel medio-alto, compartindo o espazo da aula de ensaios (Complejo Deportivo de Elviña. Avda. Glasgow s/n, A Coruña) co elenco do espectáculo “Etheria. A viaxe soñada”. A entrada é libre ata completar a capacidade. Máis información: Centro Coreográfico Galego. Tel.: 981 134 946 formacion.ccg@xunta.es / actividades.ccg@xunta.es	Aberta a inscrición
CREATIVA: xornada “Co-creation Galicia e Portugal. Intercambio de experiencias da industria cultural”	Organizada no marco do programa europeo CREATIVA, a xornada “Co-creation: participación colaborativa e intercambio de experiencias culturais” terá lugar no Colexio de Arquitectos de Vigo o 16 de novembro, a partir das 11.00 h. O encontro centrarse no coñecemento do sector e das empresas de Galicia e do Norte de Portugal, así como no intercambio de contactos e experiencias.	Empresas do sector das industrias culturais e creativas de Galicia e Portugal, principalmente de produto gráfico e libro, música, artes escénicas e audiovisual. Máis información e inscrición: http://www.creativacultural.com/cocreation	15 de novembro

Outras convocatorias de interese:

- Deputación da Coruña: www.dicoruna.es/cultura/premios/
- Consorcio Audiovisual de Galicia: www.consorcioaudiovisualdeg Galicia.org
- Academia Galega do Audiovisual: www.academiagalegadoaudiovisual.com
- Cluster Audiovisual Galego: www.clusteraudiovisualgalego.com
- Instituto de la Cinematografía y de las Artes Visuales (ICAA): www.mcu.es/cine/SC/becasAyudasSubvenciones/index.html
- Redescena: www.redescena.net
- Programa Media da Comisión Europea: www.mediadeskspain.eu

REXISTRO DE DATOS

XUÑO 2010

[E_SCENA

EN CIFRAS]

AGADIC

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Producións con distribución en curso

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓNS	ESPECT./FUN.	FACT./ FUNCIÓN
Santiago	<i>As actas escuras</i>	17	152,53	648,00 €
Narón	<i>As actas escuras</i>	2	129,00	766,40 €
O Barco de Valdeorras	<i>As actas escuras</i>	1	129,00	584,00 €
Tui	<i>As actas escuras</i>	1	280,00	1.521,00 €
Vigo	<i>As actas escuras</i>	1	347,00	1.442,80 €
A Coruña	<i>As actas escuras</i>	2	203,00	1.432,20 €
Ourense	<i>As actas escuras</i>	2	123,00	1.059,60 €
Ferrol	<i>As actas escuras</i>	1	78,00	590,00 €

SALÓN TEATRO

COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	FUNCIÓNS	ESPECT./FUN.	FACT./ FUNCIÓN
CDG	<i>As actas escuras</i>	17	152,53	648,00 €
Teatro do Morcego	<i>Saltimbanguis</i>	4	68,50	276,25 €
Teatre Lliure	<i>Après moi, le déluge</i>	2	155,50	889,50 €
Rosalía 21	<i>Homenaxe a Rosalía</i>	1	230,00	[por convite]
Teatro do Atlántico	<i>O xogo de Yalta. Afterplay</i>	4	80,25	514,00 €
Mono	<i>Festival Sinsal</i>	1	269,00	2.024,00 €
Sala Muntaner	<i>Genet-Las Criadas</i>	2	112,50	715,50 €
Linho do Cuco	<i>ST Música Presente</i>	1	88,00	300,00 €
Anxo Lorenzo	<i>ST Música Presente</i>	1	56,00	135,00 €
Emilio Cao	<i>ST Música Presente</i>	1	25,00	55,00 €
Casa de Fados	<i>Casa de Fados em concerto</i>	1	263,00	2.078,00 €
Voadora	<i>Super8</i>	3	130,33	220,67 €
Álvaro Vieito	<i>ST Música Presente</i>	1	31,00	80,00 €
Famílie Flöz	<i>Hotel Paradiso</i>	2	208,50	1.596,00 €
Ophiusa	<i>ST Música Presente</i>	1	56,00	120,00 €
Zenet	<i>Concerto</i>	1	159,00	2.208,00 €
Juana Molina	<i>Festival Sinsal</i>	1	84,00	604,00 €
BellónMaceiras Quinteto	<i>ST Música Presente</i>	1	150,00	615,00 €
Eme2	<i>Sexo, por que non?</i>	2	199,50	1.185,00 €
Vashti Bunyan	<i>Festival Sinsal</i>	1	66,00	560,00 €
Kamikaze Producciones	<i>La función por hacer</i>	2	57,50	326,50 €
Kproducciones	<i>La charca inútil</i>	2	104,50	702,50 €
Companhia Leões de Circo	<i>A descoberta das Américas</i>	1	28,00	162,00 €
Sapristi Teatro	<i>Por que o meniño se coce na polenta?</i>	3	108,33	164,00 €
Ciré Beyé + Auguste Ouedraogo	<i>África Vive</i>	1	117,00	634,00 €
O Retrete de Dorian Gray	<i>Rúa Aire</i>	1	74,00	244,00 €
Doble Mandoble	<i>Mi otro yo</i>	2	40,50	122,50 €
Circo Europa	<i>I Circo Europa Party</i>	1	182,00	938,00 €€

TOTAL ACUMULADOS 2007	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	113	16.096	52,28%	55.321,00 €
<i>O regreso ao deserto</i> (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
<i>Tarárá Chis Pum</i> (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
<i>A Piragua</i> (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
<i>Vacuo</i> (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	36	9.360	61,46%	37.675,70 €

TOTAL ACUMULADOS 2008	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	100	10.866	41,23%	46.249,00 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	16	4.986	68,35%	28.888,20 €
<i>Valdemuller</i> (CDG)	57	7.835	35,04%	14.133,65 €
<i>Estigma</i> (CDG)	26	3.602	30,75%	7.950,80 €
<i>Kiosco das almas perdidas</i> (CCG)	33	7.309	33,88%	33.487,91 €
<i>A boa persoa de Sezuán</i> (CDG)	24	4.091	40,93%	20.003,69 €

TOTAL ACUMULADOS 2009	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	105	14.423	53,73%	70.929,00 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	18	3.669	81,86%	18.895,00 €
<i>A boa persoa de Sezuán</i> (CDG)	12	2.248	46,81%	5.596,90 €
<i>As Dunas</i> (CDG)	30	4.476	35,83%	24.853,95 €
<i>Giseliña</i> (CCG)	23	6.869	56,04%	14.972,90 €

TOTAL ACUMULADOS 2010	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	61	7.539	47,38%	37.163,00 €
<i>As actas escuras</i> (CDG)	27	4.337	39,88%	21.670,20 €

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍAS

COMPAÑÍA	Nº FUNCIÓNS	ESPECT/FUNCIÓN	FACT/FUNCIÓN
Abada Teatro	13	248,92	1.130,65 €
Ábrapalabra Creacións Escénicas	11	120,55	378,82 €
Almacabra-teatro-circo	3	94,00	376,67 €
Ancora Produccións	14	71,21	232,07 €
Ángels Margarit/Cía. Mudances	1	109,00	275,00 €
Aracaladanza	4	237,50	630,75 €
Artello Teatro Alla Scala 1:5	3	38,33	74,17 €
Berrobambán	8	207,00	455,50 €
Bstudiodanza	1	144,00	944,00 €
Cachirulo	4	65,75	201,75 €
Camerata Lírica de España	1	98,00	245,00 €
Caramuxo Teatro	19	264,95	483,51 €
Chévere	4	84,50	315,00 €
Cía. Galega de Danza Contemporánea - Ballet Jesús Quiroga	1		396,00
2.242,00 €			
Daní García	3	135,33	269,00 €
Dloira	2	108,00	633,00 €
Elefante Elegante Teatro	10	112,00	361,10 €
Espello Cóncavo	5	102,6	291,80 €
Excéntrica Producciones	1	81,00	207,00 €
Fulano, Mengano e Citano	6	190,33	840,76 €
Galitoon	20	202,10	365,10 €
Ghazafelhos	7	111,00	242,71 €
Grupo de Música Antiga Martín Códax	1	134,00	335,00 €
Javier Martín	1	55,00	263,00 €
Katarsis, Educacion e Teatro	9	86,44	167,89 €
Kiko Pastur (ilusionista)	2	168,50	371,50 €
La Carreta Teatro	3	238,33	706,00 €

Lagarta Lagarta	11	209,45	886,68 €
Lambríaca Teatro	9	44,67	78,06 €
Los Ulen	4	93,75	678,75 €
Mago Marttyn	2	190,50	466,00 €
Mago Rafa	3	192,33	406,67 €
Malasombra	5	92,60	284,40 €
Matarile Teatro	4	112,50	677,50 €
Miroscopio Perdicións	4	70,25	91,75 €
O Retrete de Dorian Gray	7	87,86	166,86 €
Ónfalo Teatro	4	251,25	1.372,85 €
Pinga Teatro	3	69,00	121,83 €
Pisando Ovos	3	46,33	150,00 €
Produccións Acontrabutaca	7	131,14	350,86 €
Produccións Teatraís Excéntricas	14	337,50	1.645,76 €
Quinteto de Metais Omega Brass Ensemble	1	128,00	305,00 €
Quique Peon, Cía.	4	182,00	623,88 €
Redrum Teatro	4	279,50	152,00 €
Róber Bodegas	8	432,13	1.791,81 €
Sarabela Teatro	19	255,16	1.418,11 €
Solpico Cía. de Danza	2	100,50	586,50 €
Talia Teatro	31	100,90	332,39 €
Talytakumy	4	93,50	119,13 €
Tanxarina Títeres	4	251,50	563,06 €
Teatro de Ningures	11	108,64	438,12 €
Teatro do Andamio	10	146,80	317,30 €
Teatro do Atlántico	5	210,00	1.630,20 €
Teatro do Morcego	16	189,44	568,00 €
Teatro Galileo	6	127,83	540,92 €
Títeres Trompicallo	8	106,13	228,75 €
Títzina Teatre	5	89,00	450,32 €
Uxia P. Vaello	2	33,00	70,50 €
Viravolta Títeres	12	137,42	230,38 €

CONCELLOS/ENTIDADES

CONCELLO/ ENTIDADE	Nº FUNCIÓNS	ESPECT/FUNCIÓN	FACT/FUNCIÓN
A Coruña. IMCE	38	212,71	1.026,45 €
A Coruña. Teatro Colón Caixa Galicia	4	588	2.417,00 €
A Estrada	6	30,83	154,17 €
A Rúa	5	85,6	235,20 €
Ames	12	97,25	241,75 €
Arteixo	7	158,71	364,64 €
As Pontes de García Rodríguez	6	135,33	269,92 €
Betanzos	4	83,25	222,13 €
Boiro	7	120,86	166,86 €
Burela	8	224,88	737,75 €
Cambados	4	172,25	211,50 €
Cangas de Morrazo	12	209,92	763,92 €
Carballo	16	160,56	421,34 €
Cedeira	8	99,13	220,63 €
Cee	10	71,7	121,25 €
Culleredo	7	113,43	290,79 €
Ferrol	21	80,33	399,95 €
Foz	11	136,36	272,95 €
Gondomar	6	93,83	288,75 €
Laín	4	140,75	380,25 €
Lugo	4	197,5	1.177,25 €
Monforte de Lemos	4	123,5	297,50 €
Muros	9	90,89	215,00 €
Narón	19	242,95	1.268,87 €
Noia	5	144,2	346,60 €
O Barco de Valdeorras	7	93,71	358,00 €
O Carballiño	6	58,83	158,58 €
Oleiros	5	173	623,10 €
Ortigueira	4	85,75	387,50 €
Ourense. Teatro Principal	8	148,5	1.249,00 €
Ourense. Auditorio Municipal	18	161,67	244,22 €
Pontevedra	24	262,75	449,34 €
Redondela	8	234,5	557,75 €
Ribadavia	4	98,75	234,88 €
Ribadeo	8	137,38	329,00 €

[continúa]

REXISTRO DE DATOS XUÑO 2010 [E_SCENA EN CIFRAS]

Sada	8	159,38	480,13 €
San Sadurniño	6	61,83	130,50 €
Santiago de Compostela	15	143,07	821,20 €
Sanxenxo	5	85	290,50 €
Tui	6	235,67	685,67 €
Vigo. C.C. Caixanova	5	418,8	2.864,94 €
Vilagarcía de Arousa	7	237,29	252,14 €
Viveiro	8	160,5	284,88 €

TOTALS RGTA (ATÉ XUÑO)

	Funcións	Público	Ocupación	Facturado
2006	287	46.849	40,19%	132.931,70 €
2007	365	42.647	29,17%	127.583,31 €
2008	432	58.279	37,04%	175.122,74 €
2009	392	54.901	36,32%	172.112,00 €
2010	389	63.610	40,86%	218.110,00 €

REDE GALEGA DE SALAS

SALA	Nº FUNCIÓNs	ESPECT/ FUNCIÓN	FACT/ FUNCIÓN
Arteria Noroeste (Santiago)	14	88,14	297,86 €
Sala Nasa (Santiago)	30	40,17	176,50 €
Sala Santart (Santiago)	6	27,17	119,33 €
Teatro Arte Livre (Vigo)	34	15,41	134,41 €
Teatro del Andamio (A Coruña)	24	41,71	159,67 €
Teatro Ensalle (Vigo)	24	25,46	168,81 €

TOTALS RGS (ATÉ XUÑO)

	Funcións	Público	Ocupación	Facturado
2007	98	3.183	34,53%	16.475,00 €
2008	88	2.381	37,42%	12.199,00 €
2009	144	4.503	41,55%	19.036,00 €
2010	132	4.738	59,47%	22.635,00 €

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

GRUPOS

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/ CONCERTO	FACT/ CONCERTO
12 Labirinto	2	88	246,00 €
3azoteas	2	46,5	179,00 €
7 Puertas	6	66,5	179,33 €
A Tuna Rastafari	3	45,67	142,00 €
Abril Fado Atlántico	4	43,25	189,25 €
Aid	5	27,8	101,60 €
Alberto Pérez	3	38	131,00 €

Aló Django	5	55,4	193,00 €
Animales Domesticos	3	29	47,00 €
Austria	3	65,33	410,67 €
Bakin'blues Band	3	46	133,00 €
Baldosa Amarilla	2	28,5	104,50 €
Balea´s Blues Quintet	4	44,5	177,75 €
Bastards On Parade	6	42,33	112,50 €
Belöp	9	44,56	118,44 €
Bruno T. Ford	6	42,67	102,33 €
Capitán Furilo	4	53,5	139,50 €
Caraba	2	47,5	115,50 €
Cats And Monkeys	3	39	124,33 €
Coanhadeira	4	49,25	135,00 €
Coll y Costa (de Los Reyes del K0)	11	59,18	227,82 €
Combo Dinamo	1	50	114,00 €
Cool Beat	2	51,5	264,50 €
Cró!	3	44,67	182,67 €
Dakidarría	2	132,5	561,00 €
Doc Magoo's	2	60	159,00 €
Doctor Gringo	5	60,8	221,80 €
Doctor Snob	2	37,5	112,50 €
Dúo Fdz. & Quintá	2	35	105,00 €
Edu Manazas & Whiskey Tren	7	37,43	143,43 €
Fabulosos Cubatas de Fockink Brothers	1	23	60,00 €
Gustavo Almeida & Brazilian Night	2	44	85,00 €
Holywater	3	80,33	297,67 €
Igloo	8	98,25	324,75 €
Ith	1	97	261,00 €
Jazzeros Inoxidables	2	32,5	109,00 €
Jerez-texas	4	46,5	179,25 €
José Córdoba	3	45,33	126,00 €
Jugoplastika	4	46,5	191,75 €
Les Trois de Cora	7	28,71	89,43 €
Litanei	3	22	83,67 €
Los Eternos	6	67,83	208,50 €
Los Mecánicos	5	66,2	175,00 €
Machina	2	115,5	319,50 €
Martymez	5	62,4	267,80 €
Maryland	4	59	225,00 €
Mbm	4	50	219,50 €
Mcmanus	5	36,6	101,80 €
Miquel Costas	6	72,17	290,67 €
Miki Nervio & The Bluesmakers	5	52,4	142,20 €
Miñor Swing	3	36	129,33 €
Misquious	2	59,5	160,50 €
Mitocondrias	2	40	105,00 €
Monkillos	4	33	94,50 €
Moon Cresta	5	36,6	105,40 €
Moonjackets	4	31	75,00 €
Nadadora	6	87,83	337,67 €
Nouvelle Cuisine	2	55	193,00 €
O Sonoro Maxín	3	87,33	248,33 €
Oh Trio	4	42,25	147,00 €
Pacífico	5	41,6	156,40 €
Por Placer	2	54	178,50 €
Portrait	3	82	386,33 €
Recambios Tucho	4	68	212,25 €
Rockers Go To Hell	1	85	219,00 €
Sergio Makaroff	2	58	282,00 €
Som do Galpom	4	60	172,75 €
Stereotipos	5	34,6	112,20 €
Sugar Mountain	1	48	160,00 €
Supersándwich	1	35	140,00 €
Telma y Los Luises	3	28,33	76,33 €
The Cherry Boppers	3	61,67	362,00 €
The Homens	4	40,75	148,00 €
The Last Minute Experience	3	28,67	108,00 €

The Soul Jacket	3	85,67	348,67 €
The Turre´s Band	2	45,5	113,50 €
The W.c. Garcia Show	6	20,83	52,33 €
Tiempocuatro	3	59,67	224,33 €
Why Go	3	98,33	336,67 €
Xan Campos Trio	3	36,33	137,33 €
Zënzar	3	109	291,00 €

SALAS

SALA	CONCERTOS	ESPECT/ CONCERTO	FACT/ CONCERTO
A Fundación (Melide)	6	33,83	76,00 €
A Requeifa (Ponteareas)	3	40,33	111,00 €
Ache (Marín)	3	29	149,00 €
Aturuxo (Bueu)	8	47,25	261,50 €
Auriense Café Cultural (Ourense)	11	45,09	116,36 €
Bàbà Bar (A Coruña)	6	46,5	210,50 €
Badulake (Ordes)	7	41,86	136,14 €
Bar Liceum (O Porriño)	8	48,63	141,25 €
Baranda (O Barco de Valdeorras)	10	58,1	174,30 €
Borriquita de Belém (Santiago)	8	47,38	128,63 €
Café-Cultural Roi Xordo (Allariz)	3	57,33	172,00 €
Casa das Crechas (Santiago)	8	62,38	179,63 €
Catro Camiños (A Rúa)	2	40	35,00 €
Clandestino (Nigrán)	7	36,43	135,14 €
Clavicémbalo (Lugo)	10	40,3	142,30 €
Contrabajo (Vigo)	17	32,06	133,24 €
Disco-club Capital (Ourense)	3	93,33	280,00 €
Doble Moral (Lugo)		9	71,33 €
El Otro Caimán (Monforte de Lemos)	3	96,67	254,00 €
Forum Celticum (Culleredo)	7	94,57	226,71 €
Garufa (A Coruña)	12	52,92	158,67 €
Jazz Filloa (A Coruña)	5	41,6	208,00 €
La Casa de Arriba (Vigo)	8	51,88	248,38 €
La Fábrica de Chocolate (Vigo)	10	67,8	219,40 €
La Galeríajazz (Vigo)	6	18,67	79,33 €
La Iguala Club (Vigo)	15	76,47	337,53 €
Marrucho (Baiona)	6	19,5	47,33 €
Náutico (O Grove)	1	80	216,00 €
O Con do Moucho (A Illa de Arousa)	7	61,14	173,43 €
Planeta (Sarria)	6	63,33	150,00 €
Pub o Muíño (Cervo)	4	24,25	72,50 €
Pub d'Antón Rock Café (A Laracha)	8	78,63	207,00 €
Pub Gatos (Melide)	10	63,1	163,30 €
Sala 600 (Melide)	6	54	269,67 €
Sala Karma (Pontevedra)	7	97,29	482,29 €
Sala Run Rum (Ferrol)	14	62,79	213,43 €
Sala Super 8 (Ferrol)	1	25	75,00 €
Salason (Cangas de Morrazo)	11	43,73	154,55 €
Sama Sama (Vilagarcía de Arousa)	5	112,8	351,80 €
Ultramarinos (Santiago)	7	37,57	104,43 €
Vagalume Café Concerto (Salvaterra de Miño)	4	59,75	179,25 €
Zona Zero (Caldas de Reis)	6	31,67	85,00 €

TOTALS RGMV (ATÉ XUÑO)

	Concerto	Público	Ocupación	Facturado
2007	550	26.454	25,91%	65.268,00 €
2008	425	21.243	36,65%	63.446,00 €
2009	445	22.973	41,39%	75.395,00 €
2010	295	15.649	43,50%	53.331,00 €